

Don Xan Bautista Cambón Rodríguez, Presidente do tribunal para a contratación de persoal temporal da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos SA, (SEAGA), (convocatoria do 05/03/07), facultado polo Tribunal na sesión de 16 de abril, punto 4º, fai públicos os seguintes acordos do tribunal:

## 1. Baremo de méritos.

O pleno do Tribunal acorda avaliar os méritos establecidos nas bases da convocatoria, segundo aos criterios de baremación seguintes:

### A. Con carácter xeral para todos os postos de traballo da convocatoria:

➤ **Cursos de formación** e perfeccionamento impartidos polas Administracións Públicas, ou homologados por elas, relacionados coas funcións do posto de traballo, ata un máximo de 2 puntos.

- 0,005 puntos por cada hora de formación. Non se contabilizarán cursos de duración inferior ás 10 horas.

➤ **Experiencia profesional** en postos de traballo semellantes, ata un máximo de 3 puntos,

- 0,10 puntos por cada mes de traballo ou fracción, en postos de traballo semellantes, na Administración Pública ou Empresas Públicas.
- 0,05 puntos por cada mes de traballo ou fracción, en postos de traballo semellantes, en Empresas privadas

### B. Con carácter específico para os postos de traballo de Técnicos Forestais e Técnicos en Prevención de Riscos Laborais: valorarase, ata un máximo de 1 punto, a acreditación de experiencia en dispositivo de incendios conforme a

- 0,10 puntos por cada mes de traballo ou fracción, en postos de traballo semellantes en dispositivo de incendios, na Administración Pública ou Empresas Públicas.

## 2. Entrevistas persoais.

Unha vez rematada a baremación de méritos dos candidatos admitidos o Tribunal avaliará a posibilidade de establecer unha puntuación mínima de corte para o acceso as entrevistas persoais.

Está puntuación mínima debe garantir que sumándolle, aos puntos obtidos polos candidatos na baremación de méritos, a nota máxima da entrevista, ( 3 puntos), non teñan posibilidades matemáticas de acceder á contratación para cubrir os postos de traballo convocados.

En salvagarda dos intereses dos posibles candidatos excluídos deberá elaborarse, cos mesmos, unha lista de agarda coa puntuación obtida no proceso de baremación, e se fose necesario realizar contratacións temporais posteriores nas correspondentes categorías deberán ser convocados a un proceso de entrevistas persoais para fixar a súa posición definitiva nas listas de contratación.

O Tribunal acorda, aos efectos de axilizar o proceso desta convocatoria, proceder de inmediato á publicación de listas baremadas, e as posteriores entrevistas persoais, de xeito particularizado, e secuencial, por postos de traballo.

Santiago de Compostela, a 17 de abril de 2007

O presidente do tribunal

Asdo. Xan-Bautista Cambón Rodríguez

